



*Inverno na Lavandería* foi estreada o 17 de xaneiro de 2024

na Sala Gurugú de A Coruña

A compañía **K'Paparota e Danthea Teatro** traen a escena *Un inverno na lavandería*, unha peza de creación propia.

Dirixida a público familiar, a partir de **3 anos**.

### ***Sinopse***

O frío do inverno chegou a pequena lavandería da cidade onde o silencio borboriña segredos e o tambor da lavadora parece conter mundos enteiros. Unha nena intrépida e soñadora inicia un xogo máxico. Ao meter o seu abrigo na lavadora, o tambor comeza a xirar... cando a porta se abre, non atopa ruído nin rutina, senón unha morea de obxectos misteriosos que emerxen un a un e que a convidan a xogar e imaxinar.

Entre risos e pompas de xabón flotando no aire, atopa unha caixa esquecida que garda unha historia especial, desas que se tecen como un calcetín infinito, desas que versan sobre a soidade das persoas maiores, desas nas que se descubren os verdadeiros anhelos.

Un inverno na Lavandería é un relato poético, unha viaxe sensorial entre o cotiá e a fantasía, onde o frío do inverno abriga os corazóns e as historias se entrelazan en cada prenda.

### ***Descrición***

A través do xogo, e inspirada na capacidade imaxinativa da infancia, propóñense escenas abertas á interpretación do público, algunhas abstractas, outras máis concretas.

A función convida ás crianzas a participar de maneira activa, establecéndose un diálogo espontáneo desde o inicio da peza, improvisado e único en cada actuación. Isto responde ao obxectivo de que o teatro lles resulte un lugar cotiá e familiar co que poidan vencellarse e sentirse identificados e escoitados.

Combínanse técnicas mixtas de clown, títeres de man, manipulación de obxectos.

## **Deseño do Espazo Escénico**

O espazo escénico, concibido por Patricia Cameán, configúrase como unha paisaxe visual delicada e reflexiva, onde cada elemento convida á contemplación. A paleta cromática, deliberadamente neutra, articúlase en tons de marrón e branco, complementados por sutís pinceladas de cores pasteis que achegan profundidade e calidez ao conxunto.

A escenografía transcende o meramente decorativo para converterse nunha declaración de intencións. A cidade e o espazo da lavandería constrúense mediante obxectos reciclados e reutilizables. Esta decisión estética non é casual: representa un compromiso explícito coa sostibilidade e crea unha dramaturxia visual que dialoga co respecto medioambiental.

A **banda sonora** está formada por unha selección musical de diferentes artistas.

**Aspectos importantes** no que se basea a compañía:

- Empregar o xogo como elemento esencial de expresión e de comunicación co público infantil.
- Fomentar, contaxiar e compartir o emprego da lingua galega.
- Establecer vínculos coa infancia e coas familias e facilitar que vivan o ambiente teatral coma algo próximo. Un lugar no que poder ser, no que poder expresarse.
- Vencellado á natureza, as propostas da compañía están enmarcadas dentro na pedagogía verde.

## **Ficha artística:**

Co-produción de Danthea e K´paparota teatro.

Idea orixinal: Patricia Cameán

Elenco: Patricia Cameán

Espazo escénico: Patricia Cameán e Carlos Clemente

Espazo sonoro: Varios compositores

Dirección: Carlos Clemente

Fotografía: Alba Seijo

